

A CIDADANÍA NON ACEPTA A LEI WERT

Dende a Plataforma Stop Lei Wert manifestamos o noso convencemento de que foron as moitísimas voces discrepantes e as multitudinarias e constantes mobilizacións populares as que provocaron o aprazamento da aprobación da LOMCE.

A cidadanía non admite unha lei que:

- Non parta dunha diagnose seria e rigorosa e do diálogo con toda a comunidade educativa.
- Aproveita unha conxuntura de crise económica e a emprego como coartada para lle abrir as portas á privatización da educación pública.
- Está ao servizo dos mercados e da Conferencia Episcopal e non das persoas.
- Lle dá as costas á Educación Infantil e recorta en dous anos o carácter comprensivo da educación obrigatoria.
- Se artella ao redor dun sistema trasnoitado de reválidas, perversos instrumentos do seu carácter segregacionista e excluínste.
- Ignora e desatende o alumnado con máis necesidades educativas.
- Abandona o alumnado da etnia xitana, así como os pertencentes a etnias inmigrantes.
- Lles permite aos centros concertados con fondos públicos seleccionar o seu alumnado, co obxectivo de lograr os mellores postos nos ránkings que construírán artificial e interesadamente as avaliacións externas.
- Permite soster con fondos públicos colexios que segregan por sexo.
- Converte a poboación estudantil e as súas familias en clientes, desartellando a súa condición de cidadanía.
- Favorece a intromisión política no proceso educativo cunha recentralización impropia de sociedades democráticas.

- Crea unha institución custosa como o “Instituto Nacional de Avaluación Educativa” (que ademais xerará efectos moi perversos sobre a Educación Pública), ao tempo que se recortan os servizos públicos alegando razóns económicas.

Por todo isto pedimos a destitución inmediata do ministro Wert e a retirada definitiva da LOMCE.

A sociedade civil non vai consentir unha lei sen acordos e que non conte co apoio da comunidade educativa. Impoñela por forza parlamentaria sería unha mostra da ausencia absoluta de vontade democrática.

Consideramos imprescindible a apertura dun espazo de debate con toda a comunidade educativa para acadar unha lei de consenso, así como a creación dun marco legal que garanta estabilidade ao noso sistema educativo.

Plataforma Stop Lei Wert